

RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN CON REFERENCIA 2017/CP/085, PARA DOUS COLABORADORES/AS NAS TAREFAS DO CONVENIO CAMPUS INDUSTRIAL (CATEGORÍA TÉCNICO ADMINISTRATIVO), CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 24 DE MARZO DE 2017

De acordo coa acta do órgano de selección da convocatoria de contratación con referencia 2017/CP/085, para dous colaboradores/as nas tarefas do convenio Campus Industrial, publícase esta resolución:

Con data 24 de marzo de 2017, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria das bases rectoras para a selección e contratación laboral de dous técnicos administrativos a tempo completo (Ref. 2017/CP/085), destinados a colaborar nas tarefas relativas á xestión do Campus Industrial o que inclúe o plan de marketing para a mellora do posicionamento do Campus Industrial, a relación co sector industrial e apoio á xestión das ACIs - Asociacións colaborativas de investigación.

1. O órgano de selección constituíuse na sala de reunións da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social o día 24 de abril de 2017.
2. O Órgano de Selección estivo formado polos seguintes membros:
 - D^a Araceli Torres Miño, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, como presidenta
 - D. Ramón José Noguerol Gómez, vicexerente do Campus de Ferrol da Universidade da Coruña, como vogal
 - D. Ginés Nicolás Costa, director do Campus Industrial de Ferrol, como secretario.
3. Tras o estudo e valoración das solicitudes presentadas o órgano de selección decide facer a proposta de adxudicación para a contratación laboral, por parte do Servizo de Investigación e da Xerencia da UDC, dos solicitantes que acadaron unha maior puntuación:

MARTÍN SEQUEIRO, MONTSERRAT

NOVO SAAVEDRA, MANUEL

O órgano de selección decide publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da Reitoría, como indica a convocatoria, e no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, outorgando ata o 3 de maio de 2017 para presentar reclamacións contra esta resolución ante a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, sen prexuízo doutros recursos administrativos que se poidan presentar.

Ferrol, 24 de abril de 2017

O secretario do Órgano de Selección
Ginés Nicolás Costa

V.º e pr.
A presidenta do Órgano de Selección
Araceli Torres Miño